

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

O contexto escolar no que se vai desenvolver esta programación é o CEIP ADR CASTELAO que está ubicado no núcleo urbano da vila de Ordes, moi preto dos accesos á autoestrada. A pesares de non estar no centro da vila, o colexio está moi ben comunicado.

A poboación do noso Centro é de clase media baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor da clase media e alta. Conflúen no noso centro alumnado do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes. As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, empregados da confección, persoas adicadas á agricultura e gandería e, en menor medida, profesionais liberais, funcionarios.... En xeral as familias mostranse colaboradoras coa escola.

Temos un número importante de inmigrantes, sobre todo de Marrocos. Nos dous últimos anos, houbo un aumento de alumnos/as procedentes de Venezuela e Brasil.

Os alumnos aos que vai dirixida esta programación cursan 4º nivel de EP (2º ciclo), con idades comprendidas entre os 9 e 10 anos, son un total de 60 distribuídos en tres aulas de 20, 20 e 20 alumnos, respectivamente con distintas necesidades de aprendizaxe.

A área de Ciencias da Natureza concíbese como un ámbito cuxo obxectivo principal é que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable.

As ciencias naturais supoñen, polo tanto, comprender a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixe central da materia, intentando así dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada, tendo en conta o rápido desenvolvemento e progreso científico-tecnolóxico. Para iso, o alumnado debe adquirir conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, así como co funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional, o respecto cara aos seres vivos e á súa contorna a favor da consecución e do mantemento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Por outra banda, a dixitalización das contornas de aprendizaxe fai preciso que o alumnado faga un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxía, que, xunto coa promoción do espírito emprendedor e o desenvolvemento das destrezas e técnicas básicas do proceso tecnolóxico, facilitarán a realización de proxectos interdisciplinares cooperativos nos cales se resolvable un problema ou se dea resposta a unha necesidade da contorna próxima, de modo que o alumnado poida achegar solucións creativas e innovadoras a través do desenvolvemento dun prototipo final con valor ecosocial. Ao longo de toda a etapa partírase do desenvolvemento cognitivo e emocional do alumnado, achegándoo ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, da procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

A área de Ciencias da Natureza estrutúrase en catro bloques de contidos que deberán aplicarse en diferentes contextos reais para favorecer unha aprendizaxe holística e competencial do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	AS PERSOAS SOMOS SERES VIVOS	Somos seres vivos. Como é o noso corpo. Medramos e cambiamos. Temos hábitos saudables.	17	12	X		
2	A RELACIÓN E A REPRODUCCIÓN	Que é a relación? Os órganos dos sentidos. Movémonos. A reprodución.	17	12	X		
3	REALIZAMOS A NUTRICIÓN	Como é a nutrición? Dixerimos os alimentos. A respiración. A circulación e a excreción.	16	11		X	
4	COIDAS A SAÚDE?	Que é a saúde? Os nosos alimentos. A dieta saudable. Estamos en forma.	16	11		X	
5	FORZAS E MÁQUINAS POR TODAS PARTES	Que son as forzas? As máquinas e as forzas. As máquinas cambian. Os avances técnicos e a sociedade.	17	12			X
6	NAVEGAMOS POR INTERNET	Internet e a www Buscamos información en internet. A comunicación na era dixital Reglas básicas de netiqueta.	17	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	AS PERSOAS SOMOS SERES VIVOS	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos de forma guiada.	PE	60
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Comprender as tres funcións vitais. Coñecer as diferentes partes e órganos do corpo. Comparar os cambios propios de cada etapa da vida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Expresar de forma oral e escrita conceptos e opinións sobre a importancia de adquirir hábitos saudables. Reflexionar e debater sobre problemas éticos: a necesidade de coidar a saúde de todas as persoas do mundo.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Construír coñecemento a partir de esquemas, táboas e gráficos		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.	TI	40
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Expresar emocións relacionadas coa vida cotiá.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Participar en actividades e/ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
2	A RELACIÓN E A REPRODUCCIÓN	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Construír coñecemento a partir de esquemas, táboas e gráficos.	PE	60
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Entender que é a función de relación e de reprodución e coñecer os órganos que interveñen nelas. Explicar o sentido da vista, do oído, do olfacto, do gusto e do tacto e entender a súa función. Coñecer os principais ósos e músculos do corpo e explicar como nos movemos.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Construír coñecemento a partir de esquemas, táboas e gráficos.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Interpretar, seleccionar e reelaborar informacións para a produción de distintas propostas didácticas: descricións científicas ou informes	TI	40
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Reflexionar e debater sobre os cambios que ocorren na adolescencia. Coñecer a importancia de coidar os órganos dos sentidos para conectarnos co mundo exterior.		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Expresar emocións relacionadas coa vida cotiá		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Participar en actividades e/ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas dixitais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias. - Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
3	REALIZAMOS A NUTRICIÓN	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Construír coñecemento a partir de esquemas, táboas e gráficos.	PE	60
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer os procesos que comprende a función de nutrición. Identificar os aparellos e os órganos máis importantes que interveñen na nutrición. Explicar como se producen a dixestión e a respiración.		
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Expresar de forma oral e escrita a importancia de coidar os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. Reflexionar sobre a importancia de respirar aire limpo para ter unha boa saúde.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Interpretar informacións para resolver distintas propostas didácticas: elaboración de murais e exposicións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Interpretar, seleccionar e elaborar informacións para a produción de distintas propostas didácticas: listaxes, debuxos, pósteres ou fichas.	TI	40
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Expresar emocións relacionadas coa vida cotiá		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Participar en actividades e/ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas dixitais		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en actividades escolares utilizando recursos dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. - Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor). - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
4	COIDAS A SAÚDE?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Expresar de forma oral que é unha dieta saudable e os alimentos que a compoñen.	PE	60
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Entender a importancia dos alimentos e clasificalos segundo a orixe e función. Recoñecer os distintos tipos de alimentos e diferenciar os saudables dos non saudables. Valorar a importancia de facer exercicio físico e de coidar a postura para estar sans.		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Comprender que é a saúde, nas vertentes física, mental e social. Coñecer algúns trastornos alimentarios.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Interpretar informacións para resolver distintas propostas didácticas: elaboración de informes, colaxes e exposicións.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico.	TI	40
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para buscar información, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles e respectando as normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias. - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais. - Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
5	FORZAS E MÁQUINAS POR TODAS PARTES	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as propiedades, características e organización da materia e dos materiais.	PE	60
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.	Identificar os efectos da calor nos corpos.		
CA3.3 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Diferenciar tipos de forzas. Comprender como funcionan as máquinas e coñecer as enerxías que as fan funcionar. Clasificar as máquinas simples.		
CA3.4 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais e propoñer posibles solucións poñendo en práctica hábitos de vida sustentable.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.	TI	40
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Participar en actividades escolares utilizando recursos dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Cambios reversibles e irreversibles que experimenta a materia desde un estado inicial a un final para recoñecer os procesos e transformacións que ocorren na materia en situacións da vida cotiá. - Características e propiedades da calor. Materiais condutores e illantes, instrumentos de medición e aplicacións na vida cotiá. - Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma. - Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e auga da nosa contorna. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
6	NAVEGAMOS POR INTERNET	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comprender que é Internet e saber como conectarse. Saber a diferenza que hai entre as páxinas web e a www. Coñecer e utilizar os navegadores e os buscadores máis importantes.	PE	60
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Comunicarse con outras persoas a través de diferentes aplicacións nun medio controlado. Navegar por Internet e comunicarse de forma segura e respectuosa.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión. Saber que é a netiqueta, coñecer as regras e aplicalas ao falar nun chat en Internet.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.	TI	40
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Crear contrasinais seguros á hora de acceder a plataformas en Internet. Reflexionar e debater sobre os perigos de buscar información en Internet e saber como evitalos.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.

Contidos

- Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
 - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (hábitos saudables para o coidado do aparato locomotor, uso abusivo das tecnoloxías, ...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo aplicando rutinas de pensamento a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos contidos, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal especialista en AL e PT, profesorado titor, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son o E.O.E, as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, etc.

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais...

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica para coñecer os coñecementos previos do alumnos e saber así de onde temos que partir. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas reunións coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

-Análise da información que aporten os titores de cursos anteriores.

- Avaliación das competencias e contidos levarase a cabo a través de actividades como: pequenas probas orais ou escritas onde se observen, identifiquen e/ou describan características básicas dos elementos do medio natural que foron obxecto de traballo o curso pasado e/ou se continuarán afianzando neste curso. Ao inicio de cada unidade os alumnos definirán de maneira oral ou escrita e coas súas palabras unha serie de termos presentado nunha nube de palabras. Ademais ,realizaranse unha serie de preguntas para facer memoria, as cales serán contestadas polos nenos de maneira oral ou escrita.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	16	16	17	17	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. As probas escritas poderán ser cambiadas ou complementadas por traballos de investigación sobre os contidos estudados no tema.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos (acabalos e entregalos en tempo), ademais do traballo no caderno de clase tendo en conta a realización de todas as actividades, a súa presentación limpa e ordenada, a ortografía, a caligrafía e o respecto das marxes e distribución dos espazos,

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

SUMA DA NOTA DE TODAS AS UNIDADES AVALIADAS NO TRIMESTRE/ENTRE O Nº DE UNIDADES AVALIADAS

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Probas escritas: 60%

Táboas de indicadores 40%.

A cualificación da avaliación final da materia será a correspondente á terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Poderase descontar algunha décima por cada falta de ortografía nos traballos e probas escritas ata o máximo de 1 punto.

Tamén se levará rexistro doutro tipo de tarefas:

Tarefas realizadas de maneira voluntaria: as que se están ben presentadas e elaboradas se poderán bonificar na nota final de cada avaliación.

Tarefas non realizadas ou entregadas a tempo ou de modo correcto: poderase descontar 1 décima por cada penalización ata un máximo de 1 punto.

Falta do material necesario para a realización das tarefas diarias: poderase descontar 1 décima por cada penalización ata un máximo de 1 punto

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, ou realizará unha proba escrita ou oral sobre os contidos traballados en ditas actividades.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades, así como o plan específico de reforzo para aquel alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
 - Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
 - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
 - Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
 - Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X		
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X		
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller¿	X	X	X

Observacións:

A relación das actividades mencionadas anteriormente é unha proposta aberta e orientativa, levaranse a cabo aquelas que cada titor/a considere oportunas e beneficiosas para o desenvolvemento social, afectivo e cognitivo do seu alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Temporalización.
Procedementos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Actividades adecuadas.
Estilo de ensinanza.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Rol do docente.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

O contexto escolar no que se vai desenvolver esta programación é o CEIP ADR CASTELAO que está ubicado no núcleo urbano da vila de Ordes, moi preto dos accesos á autoestrada. A pesares de non estar no centro da vila, o colexio está moi ben comunicado. A poboación do noso Centro é de clase media baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor da clase media e alta. Conflúen no noso centro alumnado do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes. As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, empregados da confección, persoas adicadas á agricultura e gandería e, en menor medida, profesionais liberais, funcionarios.... En xeral as familias mostranse colaboradoras coa escola. Temos un número importante de inmigrantes, sobre todo de Marrocos. Nos dous últimos anos, houbo un aumento de alumnos/as procedentes de Venezuela e Brasil.

Os alumnos aos que vai dirixida esta programación cursan 4º nivel de EP (2º ciclo), con idades comprendidas entre os 9 e 10 anos, son un total de 60 distribuídos en tres aulas de 20, 20 e 20 alumnos, respectivamente.

A área de CIENCIAS SOCIAIS está deseñada co obxectivo de que as nenas e os nenos sexan activos, responsables e respectuosos coa súa contorna inmediata e afastada. O paso do tempo e a interpretación da acción humana como responsable do cambio implica que os alumnos han de adoptar un coñecemento de si mesmos e da contorna que lles rodea, adaptándose a el e sendo capaces de contribuír ao seu avance e conservación. Isto significa tamén o recoñecemento da diversidade como riqueza multicultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica de mecanismos democráticos de participación cidadá, todo iso baseado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención sobre os Dereitos do Neno, e nos principios contidos no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Constitución.

Os alumnos deben adquirir os coñecementos, as habilidades e as actitudes relacionadas co uso seguro de fontes fiables de información. Incidirase na educación para o respecto á diversidade, a actividade etnocultural, a cohesión social, o emprendemento, a valorización e conservación do patrimonio, e a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en definitiva, nenas e nenos comprometidos co planeta e as persoas, que se converterán en adultos con intereses e inquietudes por preservar o medio ambiente que lles rodea.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COMO É A TERRA?	- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos, dinámicas que ocorren no universo e a súa relación con fenómenos físicos que afectan a Terra e repercuten na vida diaria e no contorno. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a	17	21	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COMO É A TERRA?	través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial.	17	21	X		
2	O CLIMA. COMO ESTÁ CAMBIANDO?	- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación e de adaptación. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos meteorolóxicos e a súa representación gráfica e visual. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.	17	18	X		
3	CANTOS SOMOS E ONDE VIVIMOS?	- Retos demográficos. Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. - A organización do territorio en España e en Europa. - A organización política e territorial de España. Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades do contorno local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España.	16	15		X	
4	PRODUCIMOS DE FORMA RESPONSABLE?	- Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreprodución. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sostible. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sostible, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sostible, e a prevención e a xestión dos residuos.	16	15		X	
5	COÑECEMOS A PREHISTORIA	- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais: relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica. - As expresións artísticas e culturais	17	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	COÑECEMOS A PREHISTORIA	prehistóricas e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo da Prehistoria. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.	17	18			X
6	O MUNDO NA IDADE ANTIGA	- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais: relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica. - As expresións artísticas e culturais da Idade Antiga e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo da Idade Antiga. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.	17	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COMO É A TERRA?	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade por saber por que hai días e noites e por que hai distintas estacións na Terra.	PE	60
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as distintas capas que forman a Terra, así como algunhas características de cada unha delas.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar diferentes formas de representar a Terra e diferentes formas de orientarnos.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar distintos tipos de catástrofes e a súa relación con cada unha das capas. Relacionar estas catástrofes con cambios positivos e negativos causados no medio e como afectan ás poboacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información de distintas fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións e usando un léxico básico relacionado coa localización da Terra dentro do sistema solar e a súa representación en distintos tipos de mapas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. - As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial.

UD	Título da UD	Duración
2	O CLIMA. COMO ESTÁ CAMBIANDO?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Tomar e rexistrar datos meteorolóxicos e representalos de forma gráfica e visual.	PE	60
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características dos distintos climas e relacionalos cos factores que inflúen para que sexan diferentes.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes que existen na Terra.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar as causas e as consecuencias do cambio climático e recoñecer como afecta ás persoas e o impacto que ten na súa vida.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e propoñer medidas para reducir emisións e mitigar o cambio climático.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información de distintas fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións e usando un léxico básico relacionado cos distintos tipos de climas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
3	CANTOS SOMOS E ONDE VIVIMOS?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma responsable e dialogada.	PE	60
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero.		
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e institucións de España e da Comunidade Autónoma.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información de distintas fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións e usando un léxico básico relacionado coa organización territorial de España e a distribución da poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - A organización política e territorial de España. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa.

UD	Título da UD	Duración
4	PRODUCIMOS DE FORMA RESPONSABLE?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información de distintas fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións e usando un léxico básico relacionado coas actividades produtivas e o consumo responsable.	PE	60
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable como o consumo e a produción responsables, o uso eficiente da auga e a enerxía e a prevención e a xestión dos residuos.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos. Analizar como as actividades produtivas transforman o medio rural e urbano.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreproducción. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	COÑECEMOS A PREHISTORIA	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información de distintas fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións e usando un léxico básico relacionado coa Prehistoria.	PE	60
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar as características do Paleolítico, do Neolítico e da Idade dos Metais.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer como vivían as persoas do Paleolítico, do Neolítico e da Idade dos Metais.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	40
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Valorar o patrimonio natural e cultural e protexer os restos da Prehistoria para conservalos adecuadamente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización). - As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga). - A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga. - Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. - Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

UD	Título da UD	Duración
6	O MUNDO NA IDADE ANTIGA	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Seleccionar información de distintas fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións e usando un léxico básico relacionado coa Idade Antiga.	PE	60
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Valorar o patrimonio natural e cultural e protexer os restos da Idade Antiga para conservalos adecuadamente.		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar as características da Idade Antiga.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer como vivían as persoas da Idade Antiga.	TI	40
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de maneira segura buscando información, identificando a máis importante relacionada co tema tratado e creando contidos dixitais sinxelos.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).

Contidos

- Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.
- As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo.
- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga).
- A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.
- Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.
- Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

Ao longo do curso proporanse proxectos cooperativos (retos). Os retos son situacións de aprendizaxe transversais que se abordan nas diferentes áreas desde a perspectiva propia de cada disciplina. Deste xeito, todas as áreas contribúen, desde os seus enfoques particulares, á formulación global do proxecto, integrando saberes para que o alumnado avance nas súas competencias, relacione aprendizaxes e se converta en protagonista da súa evolución. Durante o reto aplicaranse os coñecementos adquiridos no trimestre a través de diferentes actividades nas distintas áreas e ámbitos, que se conxugarán e modularán para realizar un traballo cooperativo e que permitirán ao alumnado aprender a valorar os resultados do proceso.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoalespecialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, globo terráqueo, mapas e planisferios, planos, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino)

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, mblock ...), Google Earth, kahoot para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a aula de informática, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica para coñecer os coñecementos previos do alumnos e saber así de onde temos que partir.

A principio de curso realizaranse:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollerase información nas reunións coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Análise da información que aporten os titores de cursos anteriores.
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como poden ser pequenas probas orais ou escritas onde se observen, identifiquen e/ou describan características básicas dos elementos do medio natural que foron obxecto de traballo o curso pasado e/ou se continuarán afianzando neste curso.

Ao inicio de cada unidade os alumnos definirán de maneira oral ou escrita e coas súas palabras unha serie de termos presentado nunha nube de palabras. Ademais ,realizaranse unha serie de preguntas para facer memoria, as cales serán contestadas polos nenos de maneira oral ou escrita.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	16	16	17	17	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. As probas escritas poderán ser cambiadas ou complementadas por traballos de investigación sobre os contidos estudados no tema.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos (acabalos e entregalos en tempo), ademais do traballo no caderno de clase tendo en conta a realización de todas as actividades, a súa presentación limpa e ordenada, a ortografía, a caligrafía e o respecto das marxes e distribución dos espazos,

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%.

UNIDADE 2: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%.

UNIDADE 3: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%.

UNIDADE 4: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%.

UNIDADE 5: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%

UNIDADE 6: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%

A cualificación da avaliación final da materia será a correspondente á terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Poderase descontar algunha décima por cada falta de ortografía ata o máximo dun punto.

Tamén se levará rexistro doutro tipo de tarefas:

Tarefas realizadas de maneira voluntaria: as que están ben presentadas e elaboradas poderanse bonificar na nota final de cada avaliación.

Tarefas non realizadas, non entregadas a tempo ou feitas modo incorrecto: poderase descontar 1 décima por cada penalización ata un máximo de 1 punto.

Falta do material necesario para a realización das tarefas diarias: poderase descontar 1 décima por cada penalización ata un máximo de 1 punto.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación:

- realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, ou
- realizará unha proba escrita ou oral sobre os contidos traballados en ditas actividades.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X				
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade			X	X		
ET.6 - Espíritu científico			X	X		
ET.7 - Espíritu do emprendimento			X	X		
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.					X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas.

Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Actividades promovidas polo equipo TICS	Recursos tecnolóxicos	X	X	X
Actividades promovidas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares	Magosto, Entroido...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller,... e aquelas outras que realice o centro e que as titoras as consideren beneficiosas para o desenvolvemento dos alumnos/as.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, alimentación saudable, primeiros auxilios, patios inclusivos e prácticas saudables no deporte...	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

A relación das actividades mencionadas anteriormente é unha proposta aberta e orientativa, e levaranse a cabo aquelas que cada titor/titora considere oportunas e beneficiosas para o desenvolvemento social, afectivo e cognitivo do seu alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?

Metodoloxía empregada
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Clima de traballo na aula
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente.

O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo na actividade motriz.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e rexeitando a violencia.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de precaución e prevención de lesións nas distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir nelas.		
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA2.4 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo.		
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas e as regras de xogo, actuando con deportividade e xogo limpo.		
CA2.7 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e rexeitando a violencia.		
CA2.8 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver unha práctica motriz segura en diferentes contextos e participar na conservación ambiental.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, adquirindo un progresivo control e dominio corporal dos mesmos.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver unha práctica motriz segura en diferentes contextos e participar na conservación ambiental.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas.		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respetar as normas e as regras de xogo, actuando con deportividade e xogo limpo.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e rexeitando a violencia.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, adquirindo un progresivo control e dominio corporal dos mesmos.		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e rexeitando a violencia.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os efectos beneficiosos da actividade física a nivel físico, mental e social.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de precaución e prevención de lesións nas distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir nelas.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, adquirindo un progresivo control e dominio corporal dos mesmos.		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver unha práctica motriz segura en diferentes contextos e participar na conservación ambiental.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Saúde mental: - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Toma de decisións: - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal. - Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices. - Definición da lateralidade. - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades. - Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Concepto de deportividade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo. - Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable. - Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento. - Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos. - Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
10	Xogos de antes	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os efectos beneficiosos da actividade física a nivel físico, mental e social.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo na actividade motriz.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e rexeitando a violencia.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de precaución e prevención de lesións nas distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir nelas.		
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias.		
CA2.4 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo.		
CA2.6 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respetar as normas e as regras de xogo, actuando con deportividade e xogo limpo.		
CA2.7 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e rexeitando a violencia.		
CA2.8 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver unha práctica motriz segura en diferentes contextos e participar na conservación ambiental.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, adquirindo un progresivo control e dominio corporal dos mesmos.		
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo.		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver unha práctica motriz segura en diferentes contextos e participar na conservación ambiental.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respetar as normas e as regras de xogo, actuando con deportividade e xogo limpo.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e rexeitando a violencia.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, adquirindo un progresivo control e dominio corporal dos mesmos.		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e rexeitando a violencia.		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participar activamente en xogos motores e manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas.		
CA5.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os efectos beneficiosos da actividade física a nivel físico, mental e social.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Tomar medidas de precaución e prevención de lesións nas distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir nelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Desenvolver unha práctica motriz segura en diferentes contextos e participar na conservación ambiental.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Saúde mental: - Respetto e aceptación do propio corpo. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Toma de decisións: - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Concepto de deportividade. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade. - Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. - Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada nesta programación será:

- Flexible: adaptándose en todo momento aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- Activa: fomentando alumnado autónomo e responsable das súas aprendizaxes (aprendizaxe significativa).
- Participativa: potenciando a cooperación-colaboración entre iguais.
- Integradora: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- Inductiva: tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.
- Lúdica: o xogo, elemento fundamental.
- Creativa: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe (resolución de problemas e descubrimento guiado).

Na maioría das tarefas de desenvolvemento da área de Ed. Física o xogo estará presente como recurso máis importante das situacións de aprendizaxe e como ferramenta didáctica polo seu carácter motivador.

As actividades terán como finalidade mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas.

Nas diferentes UD's da presente programación contéplanse as actividades tipo, que veñen a ser descrições de actividades xerais de desenvolvemento dun determinado contido e que logo dan lugar a actividades ou tarefas máis concretas e específicas que se irán realizando ao longo das diferentes sesións.

A través das actividades tipo de cada UD obtemos a información xeral e suficiente do tipo de traballo que se vai realizar en cada unha delas, sen necesidade de concretar cada unha das actividades previstas.

Ademais, o feito de programar en base a actividades tipo e non sobre actividades concretas favorece a metodoloxía activa e contextualizada, ao tempo que permite a adaptación continua do proceso mediante a inmediata actuación a través da introdución de variantes e modificacións das mesmas.

Os contidos de carácter teórico-conceptuais terán unha especial tratamento dentro da área de Ed. Física, sen que isto supoña unha perda da importancia da práctica motriz dentro da área. A necesidade de tratar os contidos teórico-conceptuais resulta fundamental para a formación e a autonomía dos/as nosos/as alumnos/as.

Existen coñecementos teórico-conceptuais que deben ser adquiridos pola totalidade do alumnado de Ed. Primaria, pola súa transcendencia para a saúde, a calidade de vida e a propia autonomía, sen que supoña un detrimento relevante do tempo adicado á práctica motriz, senon como complemento imprescindible da mesma. Así, estes contidos serán tratados dos seguintes xeitos:

- Nas sesións de práctica motriz: durante as partes de explicación inicial, nos períodos de descanso e nas de volta á calma.
- Nas sesións de práctica motriz: durante os intervalos de tempo establecidos como períodos de recuperación

física de tarefas ou exercicios motrices.

- Nas sesións de práctica motriz: durante a parte principal da sesión como contidos integrados cos contidos procedementais, como complemento destes.

- A realización de sesións de carácter conceptual, aínda que en menor medida que as de contidos procedementais, tamén terán presenza dentro da área de Ed. Física, así, contemplase a realización de sesións tanto na propia aula como na biblioteca ou mesmo na sala de informática do centro. Nestas sesións desenvolveranse contidos fundamentalmente teórico-conceptuais e nelas prestarase especial énfase as accións de contribución da área de Ed. Física ao proxecto lector e ao plan TIC, xa que traballarase contidos a través da lectura e a utilización de medios tecnolóxicos, da información e da comunicación.

TEMPORALIZACIÓN

O número total de sesións que se contemplan nesta programación didáctica é de 70, tendo en conta o número total de sesións previstas en base ao análise do calendario escolar:

1º Trimestre: 26 sesións

2º Trimestre: 22 sesións

3º Trimestre: 22 sesións

A temporalización da programación didáctica foi realizada en base a o número de sesións de cada bloque temático ou de cada UD, sen concretar exactamente as datas de realización da cada unha das sesións, xa que as mesmas estarán condicionadas polas inclemencias meteorolóxicas e as posibilidades de utilización das diferentes instalacións deportivas das que dispón o centro, xa que adoitan ser varias as xornadas ao longo do inverno nas que a humidade do chan fai imposible o normal desenvolvemento das sesións prácticas da área, tendo que recorrer á propia aula, á biblioteca ou á aula de informática para a realización das sesións.

Esta temporalización parte de que cada UD componse dunha serie de sesións que serán traballadas en cada un dos 3 trimestres do curso escolar, distribuídas de 2 en 2. Preténdese con isto que cada UD sexa tratada en diferentes momentos do curso en secuencias semanais, coa finalidade de que os diferentes contidos sexan abordados e reforzados como parte dun proceso global, continuo e progresivo, ademais de buscar unha maior motivación por parte do alumnado cara os mesmos. Polo tanto en cada trimestre realizaranse un mínimo de 2 sesións de cada unha das UD's totais, habendo casos de UD's nas que nun mesmo trimestre se realicen 4 sesións (no caso da UD 1, de inicio de curso, e no das UD's de 8 sesións).

Esta forma de temporalización permítenos adaptarnos mellor á dispoñibilidade de instalacións e recursos materiais do centro, así como ás situacións imprevistas, en determinadas datas, de impedimento de realización das sesións, tal como ten acontecido en cursos pasados por motivos diversos: humidade e condensación nos pavimentos do pavillón polideportivo e do ximnasio; imposibilidade de acceder ás instalación debido a alertas meteorolóxicas de prohibición de saída ao exterior; realización de actividades complementarias nas instalacións, saídas didácticas,...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

1) INSTALACIÓNS:

Preferentemente farase uso do pavillón polideportivo, ximnasio e o patio de recreo para o desenvolvemento das sesións de Ed. Física e excepcionalmente, nas ocasións nas que as inclemencias meteorolóxicas o impidan, farase uso

da propia aula, da biblioteca ou da aula de informática para a realización de sesións de tipo conceptual.

2) MATERIAIS:

- 2.1.) Materiais convencionais de pequeno tamaño: pelotas (balonmán, baloncesto, voleibol, fútbol, tenis, floorball,...) aros, cordas, conos, palas, raquetas (bádminton, tenis,...), sticks (floorball), artefactos de lanzamentos (atletismo),...
- 2.2.) Materiais de gran tamaño de difícil manipulación que deben de cumprir as normas de seguridade e que preferentemente no caso de porterías, canastras e postes deben estar ancorados na propia instalación no momento de uso (pavillón polideportivo, ximnasio, patio,...).
- 2.3.) Materiais alternativos de baixo custo, que sin ter unha función propia da área si poden ser de utilidade para a realización de determinadas tarefas.
- 2.4.) Materiais alternativos de refugallo, que sin ter unha función propia da área si poden ser de utilidade para a realización de determinadas tarefas. Estes materiais serán aportados polo propio alumnado dende os seus fogares.
- 2.5.) Materiais e recursos en liña, visuais e auditivos de apoio para o desenvolvemento de contidos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial pódese definir como aquela que nos permite diagnosticar o punto de partida do proceso de ensino/aprendizaxe.

Durante as 4 primeiras sesións do curso levarase a cabo a avaliación inicial da área, co fin de obter unha aproximación do nivel motriz individual e grupal do alumnado. Esta avaliación inicial consistirá na realización de diferentes tarefas xogadas (circuitos, xogos grupais, xogos colectivos,...) nas que se poña en práctica habilidades e destrezas motrices básicas (desprazamentos, saltos, xiros, manexo de obxectos, lanzamentos, recepcións, botes, coordinacións, equilibrios,...) que nos acheguen información sobre estado motriz no que imos a comezar o curso (posibilidades, necesidades, intereses, ...) e de especial relevancia nos casos de alumnado que non coñecemos de cursos anteriores.

Ademais como parte da avaliación inicial as familias nestes primeiros días de curso terán que achegarnos debidamente cuberta a ficha de saúde do alumnado, a través da cal se nos informará daqueles aspectos importantes da saúde d@s alumn@s que sexa necesario ter en conta á hora de desenvolver as sesións da área.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	9	11	11	11	11	11	9	11	9
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado establécense unha serie de criterios de cualificación que se relacionan directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirannos identificar o progreso do alumnado e valorar o grao de desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Os criterios de avaliación estarán distribuídos en tres grandes tipos:

- Criterios de carácter procedemental (40%): os relacionados directamente coa práctica motriz (tarefas, xogos, exercicios, ...) que se realiza nas sesións.
- Criterios de carácter conceptual (30%): os relacionados cos contidos teóricos de cada unha das unidades didácticas (aquela información que se lle transmite ao alumnado: coñecemento do corpo, saúde, alimentación, estilos de vida, regras de deportes,) que deben de ser asimilados e dominados polo alumnado.
- Criterios de carácter actitudinal (30%): os relacionados coa actitude, o respecto, os valores, o esforzo, a asistencia co material necesario, ...

A cualificación do alumnado establecerase en base a análise e valoración do conxunto destes tres tipos de criterios de xeito global e continua e atendendo ás características e necesidades específicas de cada alumn@.

A avaliación realizarase a través de:

- Observación sistemática: rexistraremos o que sucede nas sesións, o progreso día a día. Este rexistro será continuo e sistemático. Para iso empregaranse diferentes técnicas: escalas de observación (cada UD inclúe unha escala que se aplicará durante as sesións) e rexistros anecdóticos (refléctense aqueles acontecementos significativos para a avaliación, así como incidencias da sesión que nos poidan servir como autoavaliación).
- Probas cuantitativas: de forma eventual, poderanse aplicar tests, baterías ou escalas que permitan avaliar o estado do alumn@ respecto a unha norma, compañeir@s, ou consigo mesm@.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non supere o grao de consecución mínima dos CA establécense as seguintes premisas:

1- Este alumnado recibirá reforzo educativo por parte do mestre de Ed. Física co fin de reforzar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e facilitarlle o correcto desenvolvemento do mesmo. En caso de que se considere necesario demandáraselle profesorado de apoio ao Departamento de Orientación para atender as necesidades específicas do alumnado.

2- Dado que a planificación da área contempla que cada unidade didáctica sexa traballada en cada un dos tres trimestres do curso, de xeito lineal e continuo, unha vez que o alumn@ acade os criterios de avaliación estes consideraranse superados.

6. Medidas de atención á diversidade

Situación actual de alumnado NEAE en 4º de Ed. Primaria no curso 2023/2024:

Neste curso contamos con alumnado diagnosticado de TDAH, TEA, TEL, dislexia e discapacidade con afectación motriz.

Dado que no noso centro educativo é habitual a incorporación de alumnado de procedencia estranxeira durante o desenvolvemento do curso, en caso de ser necesario, realizarase un reforzo educativo lingüístico a cargo o mestre da área para os casos nos que non se domine o uso da lingua galega e/ou castelá.

Medidas de atención á diversidade utilizadas: reforzo educativo realizado polo mestre da área e polo profesorado de apoio.

Pautas e estratexias a ter presentes no tratamento educativo co alumnado TDHA:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
 - Explicar as tarefas previamente de xeito claro e sinxelo e asegurarse de que son comprendidas por todo o alumnado.
 - Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
 - Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
 - Establecer períodos de descanso entre tarefas.
 - Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
 - Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
 - Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
 - Variar os exercicios, para que non se aburra.
 - Conseguir a colaboración dun compañeir@ *¿referencia¿*, para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
 - Utilizar reforzos positivos para motivar (felicitacións, recoñecementos diante do resto de compañeir@s, eloxios,...)

Pautas e estratexias a ter presentes no tratamento educativo co alumnado TEA:

- A súa colocación na aula preto das fontes de información (no caso das sesións no pavillón polideportivo preto do mestre cando se dan explicacións), tratando de evitar posibles elementos de distracción (ruídos, zonas de circulación continua de persoas en corredores, ...).
- A eliminación da sobreestimación visual e auditiva (demasiada información), evitando que poida actuar como elemento de distracción e a correspondente perda de atención.
 - O rexistro nunha axenda das tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, garantindo a coordinación do profesorado e da familia.
 - O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
 - O uso de pautas comúns para o desenvolvemento das sesións da área.
 - O uso axeitado dos recursos tecnolóxicos (TIC), polo seu potencial para descodificar unha información, para estimular as distintas vías sensoriais e para motivar, todo o que facilita o procesamento cognitivo.
 - O uso de explicacións adaptadas ao seu nivel de desenvolvemento e estratexias de encadeamento cara atrás (apoyo total ao principio e ir retirando os apoios paulatinamente).
 - O desenvolvemento de habilidades motoras finas e grosas, utilizadas para o desenvolvemento de actividades funcionais apropiadas á súa idade.
 - O desenvolvemento de habilidades de organización independente e outros comportamentos que son a base do éxito en aulas de educación ordinaria (por exemplo, realizar unha tarefa de forma independente, seguir instrucións grupais, pedir axuda, etc.).
 - O reforzamento do bo desenvolvemento dos puntos fortes do alumnado con TEA, xa que fomentan a mellora da

autoestima e a consideración por parte do profesorado e dos compañeiros e das compañeiras.

- Potenciar o desenvolvemento das funcións cognitivas, que lle permitirán acceder ao mundo social (comunicación social -adaptación da comunicación ao contexto e ás persoas).
- A vixilancia e atención a posibles situacións de abusos, acoso, burla, etc., xa sexa por informacións procedentes dende propio centro (información do propio alumn@, compañeir@s, profesorado, ...) xa sexa por informacións facilitadas pola familia.

Pautas e estratexias a ter presentes no tratamento educativo co alumnado con discapacidade con afectación motriz:

- Ter como obxectivo principal a autonomía nas sesións da área da Ed. Física en particular e no resto de ámbitos cotiáns en xeral.
- Ofrecer a posibilidade de participación nas actividades e tarefas igual que o resto do alumnado do grupo-clase favorecendo a integración.
- Presentar actividades e tarefas que permitan demostrar as habilidades e destrezas propias d@ alumn@.
- Actividades adaptadas en canto á progresión da dificultade e logros alcanzables na realización das mesmas.
- A importancia de sentirse querid@s, valorad@s e aceptad@s coas súas particularidades e dificultades.
- Que o alumnado perciba que o profesorado ten expectativas no seu progreso.
- Reforzos positivos e motivadores.

Pautas e estratexias a ter presentes no tratamento educativo co alumnado de procedencia estranxeira que non domina a lingua castelá nin a lingua galega:

- Reforzar a comunicación verbal con comunicación visual de demostracións co fin de facilitar a comprensión da información.
- Apoiarse no alumnado de referencia para os xogos de equipo.
- Reforzos positivos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento da creatividade.			X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita.		X						

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación para a saúde.	X	X
ET.2 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X	X
ET.6 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X
ET.7 - Fomento da creatividade.	X	
ET.8 - Expresión oral e escrita.		X

Observacións:

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, polo que se fai necesario abordar unha serie de elementos transversais dende todas as áreas do currículo.

Os principios nos que se fundamentan os elementos transversais deben inspirar toda a actividade docente e do mesmo xeito, deben ser traballados conxuntamente coas familias.

Os elementos transversais deben ser traballados de forma integrada xunto con gran parte dos contidos das áreas, son prescritivos e contemplanse como parte do currículo.

Estes elementos poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos/as como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Os elementos transversais que establece o currículo que serán tratados, como mínimo, para a etapa de Ed. Primaria son:

- Educación para a saúde.
- Igualdade entre mulleres e homes.
- Educación para a paz.
- Comprensión da lectura.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Competencia dixital.
- Fomento da creatividade.
- Espírito científico e do emprendemento.
- Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Educación afectivo-sexual.
- Educación emocional e en valores.
- Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
 - Rexeitamento de calquera tipo de violencia
 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.
 - Pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
 - Educación ambiental.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xornadas de Bádminton do Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar	Participación en xornadas zonais, intercomarcais e provinciais de Bádminton correspondentes ao Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar. Esta actividade desenvólvese en xornadas de sábado pola mañá e nela participan ademais do noso centro escolar os concellos de Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, O Pino, Toques, Trazo.	X	X	X
Xornadas de Campo a Través do Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar	Participación en xornadas zonais, intercomarcais e provinciais de Campo a Través correspondentes ao Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar. Esta actividade desenvólvese en varias xornadas clasificatorias.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xornadas de Atletismo en Pista do Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar	Participación en xornadas zonais, intercomarcais e provinciais de Atletismo en Pista correspondentes ao Programa Xogade de Deporte en Idade Escolar. Esta actividade desenvólvese en varias xornadas clasificatorias.	X	X	X
Actividades de dinamización e promoción deportiva durante os tempos de recreo.	Organización e desenvolvemento de sesións de práctica deportiva durante os tempos de recreo.	X	X	X
Xogos do Magosto	Realización de xogos con castañas a semana de celebración do Magosto.	X		
Xornada de sendeirismo polo Camiño Inglés	Realización dunha xornada de sendeirismo percorrendo parte do Camiño Inglés ao seu paso polo Concello de Ordes.			X
Xogos tradicionais na Semana das Letras Galegas	Realización de xogos tradicionais a semana de conmemoración das Letras Galegas.			X

Observacións:

As actividades complementarias son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: competicións internas, xornadas de promoción deportiva, celebración de conmemoracións, visitas, xornadas de xogos tradicionais e populares, ...

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e contéplase a posibilidade de asistir actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do mesmo en función da oferta que vaia xurdindo e a valoración de participación que se realice por parte do equipo docente.

Contéplase a posibilidade de participar en diferentes actividades do Programa XOGADE conforme á oferta que vaia xurdindo ao longo do curso (xornadas de Bádminton, Campo a Través, Atletismo en Pista,...).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Analizar e valorar a adecuación da mesma, a temporalización, o nº de sesións das UD's, o nº de tarefas, o nivel de dificultade, a significatividade do proceso de ensino-aprendizaxe, os obxectivos, a presentación das propostas de aprendizaxe e as intervencións do profesorado
Metodoloxía empregada
Analizar e valorar si é aberta e flexible; os agrupamentos; os métodos e estilos de aprendizaxe e as adaptacións realizadas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Analizar e valorar si foron atractivos, suficientes, accesibles,...
Medidas de atención á diversidade
Analizar e valorar a atención realizada ao alumnado en base ás respectivas características individuais. A validez das adaptacións ás diferentes características e circunstancias que poidan xurdir durante o proceso educativo.
Clima de traballo na aula
Analizar e valorar a participación e o interese do alumnado, grao de motivación e curiosidade acadados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Analizar e valorar a coordinación co resto de áreas.

Descrición:

Co fin de avaliar a nosa práctica docente e a programación levarase a cabo unha valoración do proceso para ir realizando os axustes necesarios, en caso de ser precisos. Trimestralmente realizarase un seguimento dos indicadores de logro, para comprobar se o proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación e os rexistros anecdóticos.

Os indicadores de logro axudarannos a reflexionar sobre os diferentes aspectos da programación:

- Planificación
- Contidos
- Alumnado
- Atención á diversidade
- Metodoloxía
- Materiais
- Interdisciplinaridade
- Transversalidade
- Participación das familias

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O mestre de Ed. Física aplicará os mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. Ao remate do curso, unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, tomaranse as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumn@ e se é necesario modificala en función dos feedbacks recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumn@, avaliación do docente e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das UD's a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	O CA1.6 aplícase como está.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 centrándose no aspecto da axuda aos demais.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar de forma guiada estratexias que faciliten a comprensión e a comunicación fluída empregando os recursos necesarios		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar de xeito guiado as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo actividades de autoavaliación contado con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	O CA 3.1 aplícase como está.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.

Contidos

- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que o alumnado non só sexa capaz de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

O alumnado aprende de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades poden ser de grande utilidade para o quefacer diario do profesor.

A aprendizaxe do alumnado é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto o alumno é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/para debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os alumnos, proporcionar feedback, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros se producen cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación.

Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe alcanzable e sempre tendo en conta que non

desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo pódelle ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrixir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A metodoloxía empregada está centrada nas catro destrezas (reading, writing, listening e speaking). Cada unidade contén unha sección dedicada especificamente ao seu desenvolvemento. Para traballalas teremos en conta:

1. Impulsar situacións diversas de interacción de comunicación oral entre o alumnado: en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.

Neste ámbito da comunicación oral, introduciremos o xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades xa que nos parece un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir moi brevemente a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpira cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias de terceiro de Primaria.

2. Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións.

3. Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

4. Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo..., adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

5. Dotar ao alumnado dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual que as outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

6. Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a esta lingua, a través do mundo dixital.

7. Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repaos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.

8. Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte á tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

9. Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

10. Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Libro de texto: All About Us Now 4- Class Book & Actiivty book de Oxford University Press
2- Fichas con tarefas (orais, escritas e interactivas)
3- Páxinas web de xogos online

4- Historias e contos publicados na rede
5- Xogos de mesa
6- Xogos físicos
7- Libros de lectura
8- Flashcards, posters e murais
9- Ferramentas de elaboración de materiais
10- Uso dos medios audiovisuais ccn que conta a escola
11- Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar
12- Vídeos
13- Rimas e cancións
14- Actividades DUA

Os recursos didácticos son aqueles métodos, accións ou materiais que se utilizan para apoiar ao docente que precisa duns apoios pedagóxicos que inclúen materiais soportes físicos, tarefas... para conseguir un proceso de ensinanza-aprendizaxe organizado e unha fácil comprensión dos contidos que se impartan.

A incorporación das TIC xogan un papel moi importante na educación, aportando diversos recursos materiais que lle ofrecen á mestra a posibilidade de deseñar as súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento.

O libro empregado (All About Us Now) consta dun Class Book cunha unidade introductoria na que se presentan os personaxes que van acompañar ao alumnado ao longo do curso, seis unidades con nove leccións cada unha nas que se presenta o contido clave, historias de repaso e proxectos colaborativos, así como material sobre a festividade de Nadal.

No Activity Book inclúense actividades para cada lección e proxectos, actividades por parellas, cut-outs e actividades de seguimento sobre as leccións intercurriculares.

O alumnado dispón duns recursos na WEB onde atoparán o Active Learning Kit con práctica interactiva, para ser utilizado na casa ou na aula, accedendo a xogos, como os recursos traballados na aula 'picture dictionary' e no que poderán seguir a aprendizaxe que estean levando a cabo a través do 'Learning Record'.

Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

Estos recursos serán medios ou instrumentos de pensamento, de constución do coñecemento e de motivación do alumnado dunha maneira práctica ou sinxela.

Ademais, contamos na aula con material diverso que será de acceso ao alumnado cando remate as tarefas ou cando consideremos oportuno en función dos contados que esteamos vendo na aula. Estes materiais comprenden:

1. Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

- De tarxetas: imaxe-imaxe, imaxe - palabra, palabra - palabra; preguntas: adiviñar a tarxeta, memory game, facer parellas.

- De taboleiro: con imaxes, con imaxes e palabras, con imaxes e instrucións, con preguntas que hai que contestar: Snakes and ladders, Noughts and crosses, Trivial, Scrabble...

- Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

2. Xogos físicos: aqueles que apenas requieren de material e que permiten practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- Xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase, ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota.

- Xogos de rol.

- Xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números. + Xogos de localización e movemento no espazo.

3. Libros de lectura. É importante contar con libros que o alumnado poda manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e exploración de vocabulario e expresións de uso frecuente.

4. Posters e murais: Nas dúas posibilidades que nos brindan, a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que adquirimos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado de 4º: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral (adaptada ao comezo deste nivel), coñecemento de léxico relacionado con ámbitos diferentes propios da cotidianidade do alumnado e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Este proceso levarase a cabo a través de actividades de interacción coa mestra, tanto de gran grupo (que require escoita, agardar quendas, actuar seguindo indicacións dadas, respostar a preguntas, etc.) coma entre iguais en grupos pequenos e parellas. Recolleranse evidencias tales coma gravacións en audio e/ou videos individuais e de interacción en parellas, pequenos grupos e grupo-clase, reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración, moi claras e sinxelas.

Nesas mesmas táboas recolleranse os datos obtidos a través da observación directa por parte da mestra. Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	0	40	40	40	40	40	40	36
Táboa de indicadores	100	60	60	60	60	60	60	64

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Primaria será global, continua e formativa. Terá en conta o desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Os criterios de cualificación establecerémolos empregando:

- Procedementos e evidencias: observación sistemática, posta en común, presentacións, representacións teatrais e role-plays, análise do portfolio do alumnado e outros.
- Instrumentos de avaliación: táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaborados polo alumnado nos que use a lingua escrita. As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar.

Considerando o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe, en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno e alumna.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de

consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

O peso de cada instrumento será dun 60% para a táboa de indicadores e un 40% para as probas escritas e orais. As táboas de indicadores analizarán o traballo diario de aula, a actitude, as exposicións orais, situacións de interacción orais e a libreta. Empregaranse distintas ferramentas como: observación, tarefas realizadas na aula, xogos, estacións, etc.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. As medidas de reforzo educativo adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento ao alumnado con necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe ou de integración tardía no sistema educativo español. Estas medidas estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar co proceso educativo e con os apoios que cada un precise.

O alumno/a coa material pendente do curso anterior, poderá recuperala se durante o curso actual supera algunha avaliación trimestral con un mínimo de 5 puntos sobre 10.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

Trataremos de identificar as posibles deficiencias que poidan xurdir ao longo do curso mediante unha atención individualizada, que nos permita observar e analizar o proceso de ensinanza e aprendizaxe de cada alumno e alumna, así como a necesidade de levar a cabo, se cómpre, as intervencións axeitadas para atallalas:

- Reforzo educativo (RE).
- Adaptación curricular individualizada (ACI).

Os reforzos e adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.
6. Enriquecemento curricular ou adaptacións do currículo.
7. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

O alumnado susceptible de precisar deste tipo de atención é o seguinte:

- Alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe.

Coa axuda do departamento de orientación, e cos mestres especialistas correspondentes, intentaremos crear unhas rutinas de aprendizaxe onde este alumnado se integre no grupo dun xeito adecuado e, ao mesmo tempo, adquira unhas pautas de aprendizaxe onde desenvolvan os contidos traballados na aula dunha maneira o máis efectiva posible.

- Alumnado con integración tardía no sistema educativo.

Adoptaranse as medidas de reforzo necesarias (traballando con diferentes soportes audiovisuais ou gráficos para tratar a información e contidos), que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfaseamento para que lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

- Alumnado con altas capacidades intelectuais.

Facilitaranse contidos e material de ampliación adecuado as súas necesidades e que lles permita desenvolver ao máximo as súas capacidades. Teranse preparadas follas de actividades para o alumnado que remata máis rápido as tarefas, por exemplo: wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, etc. Este material estará relacionado co vocabulario que esteamos vendo nesa unidade. Pediráselles que axuden a outro alumnado nas actividades (función de mediación lingüística). O alumnado que remate rápido poderá comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros compañeiros e compañeiras que tamén vaian rematando. Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Alumnado con trastornos de conduta.

Buscaremos a coordinación co equipo de profesorado e o/a orientador/a do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X				X		X
ET.2 - Os dereitos da Infancia			X		X		
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos		X	X		X		X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde		X	X	X	X	X	X
ET.6 - Desenvolvemento sustentable				X	X	X	
ET.7 - Educación para o consumo responsable				X	X	X	
ET.8 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento			X	X	X		X

Observacións:

Na materia da lingua inglesa trabállanse elementos transversais recollidos pola LOMLOE alentando ao alumnado a adoptar procedementos que lles permitan utilizar as súas propias iniciativas e habilidades de toma de decisión durante a planificación, organización e xestión do seu traballo.

Os elementos transversais tamén son traballados a través das tarefas que requiren o traballo en parellas ou pequenos grupos, así como proxectos ou situacións de aprendizaxe que demanden cooperación, flexibilidade e xestión de tempo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Christmas, Saint Patrick's Day, Thanksgiving....	X	X	X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....		X	
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE as saídas para actividades de aprendizaxe.			X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor ou titora, e a coordinación entre os/as dous docentes. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula na lingua materna para ampliar vocabulario e expresións na LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os materiais utilizados foron atractivos, suficientes e permitiron a manipulación axeitada entre o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Atendéronse ás necesidades de todo o alumnado, empregándose medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase no rexistro diario de aula. O resultado dos indicadores de logro avalíanse con "non acadado", "parcialmente acadado" ou "totalmente acadado".

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia noutros niveis coordinárase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar

os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	40
4.2. Materiais e recursos didácticos	42
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	43
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	43
6. Medidas de atención á diversidade	45
7.1. Concreción dos elementos transversais	46
7.2. Actividades complementarias	47
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	48
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	48
9. Outros apartados	49

1. Introducción

O contexto escolar no que se vai desenvolver esta programación é o CEIP ADR CASTELAO que está ubicado no núcleo urbano da vila de Ordes, moi preto dos accesos á autoestrada. A pesares de non estar no centro da vila, o colexio está moi ben comunicado.

A poboación do noso Centro é de clase media baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor da clase media e alta. Conflúen no noso centro alumnado do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes.

As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, empregados da confección, persoas adicadas á agricultura e gandería e, en menor medida, profesionais liberais, funcionarios.... En xeral as familias mostranse colaboradoras coa escola.

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.

- Comunicación oral.

- Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

- Educación literaria.

- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vai de museos!	Leo, entono e comprendo. Escoito: As historias do verán. Palabras novas: As afeccións. O dicionario. Falo: Os museos. Escribo: A noticia. Enredo coa cultura: A Real Academia Galega. Gramática: A comunicación. Ortografía: A sílaba e o acento gráfico.	9	13	X		
2	E ti, de quen vés sendo?	Leo, entono e comprendo. Escoito: A diversidade de familias. Palabras novas: Os parentescos. Campo semántico. Falo: A descrición de persoas. Escribo: O texto narrativo. Enredo coa cultura: Os protagonistas da literatura infantil galega. Gramática: A oración, o párrafo e o texto. Ortografía: As palabras agudas.	9	13	X		
3	Axúdalles aos animais!	Leo, entono e comprendo. Escoito: As fábulas. Palabras novas: Os animais. Os sinónimos e os antónimos. Falo: Como nos axudan os animais? Escribo: O texto expositivo.	9	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Axúdalles aos animais!	Enredo coa cultura: Os animais en perigo de extinción. Gramática: As clases de oracións. Ortografía: As palabras graves e as palabras esdrúxulas.	9	13	X		
4	Cóidate!	Leo, entono e comprendo. Vexo: As recomendacións sobre a saúde. Palabras novas: As larpeiradas. As palabras homófonas. Falo: Os meus hábitos. Escribo: O cartel. Enredo coa cultura: O menú tradicional de Nadal. Gramática: O suxeito e o predicado. Ortografía: Os ditongos e os hiatos.	9	13	X		
5	Traballa na horta!	Leo, entono e comprendo. Escoito: "A horta de Balbina" Palabras novas: A horta. As palabras polisémicas. Falo: A investigación. Escribo: A ficha. Enredo coa cultura: Os mercados ecolóxicos. Gramática: O nome e as súas clases. Ortografía: Os signos de puntuación.	8	11		X	
6	Crea videopoemas!	Leo, entono e comprendo. Escoito: os poemas musicados. Palabras novas: A horta. As palabras compostas. Falo: A investigación. Escribo: A ficha. Enredo coa cultura: Os mercados ecolóxicos. Gramática: O nome e as súas clases. Ortografía: Os signos de puntuación.	7	10		X	
7	Resolve conflitos!	Leo, entono e comprendo. Escoito: As opinións diferentes. Palabras novas: Os deportes. Os prefixos e os sufixos. Falo: Os valores do deporte. Escribo: O cómic. Enredo coa cultura: Vero Boquete. Gramática: Os artigos e os demostrativos. Ortografía: As palabras con b e v.	8	11		X	
8	Coñece a miña casa!	Leo, entono e comprendo. Escoito: canción "O lar". Palabras novas: As vivendas. As familias de palabras. Falo: Os valores do deporte. Escribo: O descrición dunha casa. Enredo coa cultura: A arquitectura tradicional. Gramática: Os posesivos e os numerals. Ortografía: As palabras con nh.	7	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Vai ser un espectáculo!	Leo, entono e comprendo. Escoito: Información sobre espectáculos. Palabras novas: Os espectáculos. Os castelanismos. Falo: A dramatización. Escribo: O texto teatral Enredo coa cultura: O novo circo galego. Gramática: As preposicións e as conxuncións. Ortografía: As palabras con ll e con i.	9	12			X
10	Persoas extraordinarias!	Leo, entono e comprendo. Escoito: As historias de grandes personaxes. Palabras novas: A pintura. Os préstamos. Falo: A lingua de signos e o Braille. Escribo: A biografía. Enredo coa cultura: a pintura en Galicia. Gramática: Os pronomes persoais. Ortografía: As palabras con h.	8	11			X
11	Seres fantásticos!	Leo, entono e comprendo. Escoito: Cousas de meigas. Palabras novas: Os seres fantásticos. As frases feitas. Falo: Os feitizos. Escribo: A presentación de traballos. Enredo coa cultura: A mitoloxía galega. Gramática: O verbo. Ortografía: Os verbos rematados en -ber e -ver.	9	12			X
12	Goza das vacacións	Leo, entono e comprendo. Escoito: O seseo e a gheada. Palabras novas: As festas. Falo: Os refráns. Escribo: O programa de festas. O seseo e a gheada. Enredo coa cultura: As festas do verán. Gramática: O adverbio. Ortografía: Os verbos rematados en -bir, e -vir.	8	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vai de museos!	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Ampliar paulatinamente o vocabulario referente ás emocións a partir das experiencias e situacións cotiás.	PE	60
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía, respondendo a diferentes preguntas sobre o mesmo para favorecer a comunicación.		
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, seguindo as instrucións dadas e progresando, planificando e coidando a ortografía, caligrafía e a presentación.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar as normas básicas sobre categorías gramaticais e as regras ortográficas, fixándose nas diferenzas co castelán, favorecendo unha comunicación máis eficaz, diferenciando distintos tipos de comunicación e sabendo separar as palabras en sílabas e identificar a sílaba tónica.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	TI	40
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral, escoitando con atención, recollendo datos, preguntando e repondendo de maneira axeitada.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Ler de maneira autónoma e fluída textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, observando, comparando e manipulando palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita activa empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade. - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).

Contidos

- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
2	E ti, de quen vés sendo?	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e traballos. Entre os materiais pódense destacar: libro de texto, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), (normal e, murais e láminas de apoio visual, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, xogos didácticos,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, ...

RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, a aula de informática, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica para coñecer os coñecementos previos do alumnos/as e saber así de onde temos que partir. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

A principio de curso e cando cheguen alumnos/as novos/as realizaranse:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Recollerase información nas reunións coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Análise da información que aporten os titores de cursos anteriores.

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

Pequenas probas orais e/ou escritas, a cales unha vez analizadas nos indicaran cal é o nivel do que parte o alumno/a.

Ao inicio de cada unidade:

Presentáraselles ao alumnado os contidos que se van a traballar na unidade e estes terán que dicir e explicar coas súas propias palabras e poñendo exemplos o que saben sobre os distintos temas.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Para iso, é conveniente iniciar o curso con actividades para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, traballando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento. De igual xeito, débense propoñer actividades abondo que nos permitan coñecer realmente as destrezas e os coñecementos que posúen os alumnos e as alumnas de cada grupo, co fin de abordar o proceso educativo realizando os axustes pertinentes ás necesidades e características tanto de grupo coma individuais para cada alumno ou alumna, de acordo co establecido no marco do Plan de Atención á Diversidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	9	9	8	7	8	7	9	8
Proba escrita	60	60	60	70	70	70	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	30	30	30	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	100
Proba escrita	60	60	62
Táboa de indicadores	40	40	38

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación. As probas escritas poderán ser cambiadas ou complementadas por traballos de investigación sobre os contidos estudados no tema.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos (acabalos e entregalos en tempo), ademais do traballo no caderno de clase tendo en conta a realización de todas as actividades, a súa presentación limpa e ordenada, a ortografía, a caligrafía e o respecto das marxes e distribución dos espazos,

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

SUMA DA NOTA DE TODAS AS UNIDADES AVALIADAS NO TRIMESTRE/ENTRE O Nº DE UNIDADES AVALIADAS

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%.

A cualificación da avaliación final da materia será a correspondente á terceira avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Nas probas escritas poderase descontar algunha décima por cada falta de ortografía ata o máximo de 1 punto.

Tamén se levará rexistro doutro tipo de tarefas:

Tarefas realizadas de maneira voluntaria: as que están ben presentadas e elaboradas poderanse bonificar na nota final de cada avaliación.

Tarefas non realizadas, non entregadas a tempo ou feitas modo incorrecto: poderase descontar 1 décima por cada penalización ata un máximo de 1 punto.

Falta do material necesario para a realización das tarefas diarias: poderase descontar 1 décima por cada penalización ata un máximo de 1 punto.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.

-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

-Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades, da mestra de Audición e Linguaxe ou polos mestres con dispoñibilidade horaria.

En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.
De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.
Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.
Se son contidos que se traballan de forma continua, quedarán automaticamente aprobados en calquera momento do curso, cando se demostre noutra unidade que estes foron adquiridos.
Para avaliar contidos que non se traballan en todas as unidades realizaranse observacións, cotexos, traballos ou probas escritas ou orais que se avaliarán (con táboas de indicadores ou probas escritas) segundo lles corresponda ao criterio asociado aos mesmos.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, elaborárase un plan específico de reforzo como se recolle no artigo 50 da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, aprofundando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X			X		X		X
ET.4 - Competencia dixital.	X		X		X	X		
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				X		X	X	
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.		X					X	
ET.7 - Educación para a paz.						X	X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X				X		
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).		X		X			X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X		X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X		X	
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.				
ET.7 - Educación para a paz.				
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.				X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).			X	

Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades propostas polo Equipo de Biblioteca	Marcapáxinas, xornadas de benvida, contacontos, de animación á lectura..	X	X	X
Actividades promovidas por ELDG	Conmemoración do Samaín, postais de Nadal, Activiades a nivel de centro para as Letras Galegas, revista escolar,...	X	X	X
Actividades promovidas por EACE	Conmemoración do magosto, Nadal, Entroido,...	X	X	X

Observacións:

Os criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado son que:

- Estan relaiconadas cos contidos de cada área.
- O establecido no calendario escolar como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser:

Integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto. Cada titor decide na participación das mesmas, segundo as considere axeitadas para o seu grupo/clase.

En cada trimestre realizarase algún tipo de saída:

1º trimestre: Xornadas micolóxicas.

2º trimestre: concerto didáctico e visita ao Museo de Ciencias Naturais.

3º trimestre: visita ao Muíño.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os obxectivos e contidos son os axeitados para conseguir un axeitado grao de desenvolvemento das competencias clave.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía é a axeitada para o desenvolvemento das competencias clave.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Cumplíuse a temporalización establecida inicialmente.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade de maneira efectiva.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Alumnado e familia implícanse no proceso educativo
Outros
Os recursos utilizados son os axeitados para traballar os contidos propostos

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación . Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente , as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións

quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	37
4.2. Materiais e recursos didácticos	38
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	39
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	39
6. Medidas de atención á diversidade	40
7.1. Concreción dos elementos transversais	41
7.2. Actividades complementarias	42
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	43
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	44
9. Outros apartados	44

1. Introducción

O contexto escolar no que se vai desenvolver esta programación é o CEIP ADR CASTELAO que está ubicado no núcleo urbano da vila de Ordes, moi preto dos accesos á autoestrada. A pesares de non estar no centro da vila, o colexio está moi ben comunicado.

A poboación do noso Centro é de clase media baixa, cunha porcentaxe considerablemente menor da clase media e alta. Conflúen no noso centro alumnado do núcleo urbano da vila de Ordes e alumnado pertencente ás zonas rurais das distintas parroquias do Concello de Ordes. As profesións dominantes son obreiros, empregados comerciais, empregados da confección, persoas adicadas á agricultura e gandería e, en menor medida, profesionais liberais, funcionarios.... En xeral as familias mostranse colaboradoras coa escola. Temos un número importante de inmigrantes, sobre todo de Marrocos. Nos dous últimos anos, houbo un aumento de alumnos/as procedentes de Venezuela e Brasil.

Os alumnos aos que vai dirixida esta programación cursan 4º nivel de EP (2º ciclo), con idades comprendidas entre os 9 e 10 anos, son un total de 60 distribuídos en tres aulas de 20, 20 e 20 alumnos, respectivamente con distintas necesidades de aprendizaxe.

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números de catro e cinco cifras.	Lectura, escritura, descomposición e comparación de números ata 99.999. Números ordinais. Números romanos. Identificar situacións problemáticas. Traballar con gráficos de barras.	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Sumas e restas.	Propiedades asociativa e conmutativa. Operacións combinadas. Estimacións de sumas e restas. Inventar os datos que faltan nun problema. Interpretar gráficos lineais.	10	12	X		
3	A multiplicación.	Multiplicación por números de varias cifras. Estimación de produtos. Propiedades da multiplicación. Operacións combinadas. Extraer datos de distintas fontes. Interpretar histogramas.	10	14	X		
4	Ángulos e polígonos.	Ángulos, Polígonos. Perímetro. Área con un cuadrado unidade. Clasificación de triángulos, cuadriláteros e paralelogramos. Extraer conclusións dun enunciado. Traballar con pictogramas.	6	14	X		
5	A división.	División exacta e enteira. Proba da división. División con ceros no cociente. Problemas de varias operacións. Extraer información de enunciados. Traballar con coordenadas de puntos nunha cuadrícula.	9	10		X	
6	Práctica da división.	Divisións con divisor de dúas cifras. Propiedade da división. Operacións combinadas. Encontrar preguntas que se poden resolver. Analizar sucesos e enquisas.	8	10		X	
7	Fraccións.	Fraccións. Fraccións dun conxunto. Comparación de fraccións coa unidade. Comparación con igual e distinto denominador. Fracción dun número. Escribir unha pregunta que se resolva con unhas operacións. Bucle repetir hasta que.	8	10		X	
8	Os corpos xeométricos.	Prismas. Pirámides. Clasificación de prismas e pirámides. Corpos redondos. Determinar o número de solucións. Profundizar no bucle repetir.	6	12		X	
9	Números decimais.	Unidades decimales. Números decimales. Comparación de números decimales. Suma de números decimais. Resta de números decimais. Analizar a resolución dun problema. Condicional si.	8	10			X
10	O tempo e o diñeiro.	O reloxo. Horas, minutos e segundos. Outras unidades de tempo. Problemas con diñeiro. Elixir operacións que resolvan un problema. Condicionais Si- Si no.	9	12			X
11	Lonxitude.	Unidades menores e maiores ca o metro. Problemas con unidades de lonxitude. Explicar o que se está calculando. Profundizar nos condicionais.	8	12			X
12	Capacidade e masa.	Unidades maiores e menores ca o litro e o gramo. Determinar a unidade na que hai que expresar a solución nun problema.	8	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Capacidade e masa.	Bucles e condicionais.	8	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Números de catro e cinco cifras.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Utilizar números ordinais e números romanos en contextos cotiáns.	PE	60
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Recoñecer situacións problemáticas na vida cotiá e resolvelas de maneira efectiva.		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Interpretar e representar en gráficos de barras datos relacionados con situacións da vida cotiá.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar a calculadora para comprobar resultados.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiáns que se resolven matematicamente.	Resolver problemas con números cardinais ata o 99999 e ordinais ata o 100 usando axeitadamente a simboloxía das relacións.		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Compoñer e descompoñer de forma manipulativa, gráfica e simbólica números naturais ata o 99.999 explicando e interpretando o valor posicional das cifras.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Valorar os erros como una oportunidade de aprendizaxe e mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos.	TI	40
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de cálculo e reconto sistemático, adaptación do cálculo ao tamaño dos números, representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 99 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) como elemento facilitador do cálculo mental, interpretación da relación existente entre os diversos números e valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade <ul style="list-style-type: none"> - Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 99 999 en textos e contextos familiares e habituais. - Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata o 99 999 investigando propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros). - Estimación razoada de cantidades ata o 99 999 e redondeo en problemas cotiás con estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións <ul style="list-style-type: none"> - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Relacións <ul style="list-style-type: none"> - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99 999 e as súas equivalencias, aplicación nas relacións que xera nas operacións. - Resolución de problemas cotiás que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99 999 e ordinais cun uso adecuado da simboloxía das relacións, interpretación e expresión do resultado, exacto ou estimado, segundo a situación. - Patróns <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia. - Modelo matemático <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado. - Relacións e funcións <ul style="list-style-type: none"> - Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación

Contidos

- das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía (=, ?, >,
- Organización e análise de datos
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o uso de estratexias guiadas para a recollida, clasificación, ordenación, reconto, rexistro (táboas de dobre entrada, gráficas, rexistro simbólico) e comunicación de datos cualitativos cuantificables ou cuantitativos discretos de mostras pequenas e representación en gráficas destes mediante recursos tradicionais e aplicacións informáticas sinxelas.
- Extracción, interpretación e explicación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña.
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo.
- Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	Sumas e restas.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Recoñecer que operacións son válidas para resolver situacións contextualizadas.	PE	60
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Realizar sumas e restas ou estimacións para resolver problemas, identificando os termos de cada unha e as súas relacións.		
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Aplicar en contextos cotiáns as propiedades da suma.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Usar a calculadora para comprobar os resultados das operacións realizadas.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar e debuxar datos da vida cotiá en gráficos lineais		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Recoñecer a xerarquía das operacións e calcular operacións combinadas con sumas e restas.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Valorar os erros como una oportunidade de aprendizaxe e mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos.	TI	40
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración

Contidos

- e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora.
- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas, multiplicacións e divisións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
- Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
 - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiás.
- Modelo matemático
 - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Relacións e funcións
 - Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
- Organización e análise de datos
 - Resolución de problemas contextualizados que impliquen o uso de estratexias guiadas para a recollida, clasificación, ordenación, reconto, rexistro (táboas de dobre entrada, gráficas, rexistro simbólico) e comunicación de datos cualitativos cuantificables ou cuantitativos discretos de mostras pequenas e representación en gráficas destes mediante recursos tradicionais e aplicacións informáticas sinxelas.
 - Extracción, interpretación e explicación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.
- Crenzas, actitudes e emocións
 - Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña.
 - Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
 - Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
 - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
 - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
 - Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo. - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
3	A multiplicación.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Usar a calculadora para comprobar os resultados das operacións realizadas.	PE	60
CA5.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Resolver problemas extraendo datos de tablas ou gráficos.		
CA5.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Estimación de multiplicacións razonando a orde de aproximación e aplicándoas a situacións reais.		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Realizar sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas.		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Usar representacións matemáticas para facilitar a comprensión e resolución de problemas da vida cotiá.		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Recoñecer a xerarquía das operacións e resolver operacións combinadas.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Valorar os erros como una oportunidade de aprendizaxe e mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos.	TI	40
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
